IRIMIA

imos facendo memoria:
recobrando o ser galego que esquecimos.
imos sementando patria:
man con man inxertandoa entre os veciños.
imos facendo outra historia,
a favor dos rebaixados e oprimidos.

SEMANARIO DE CRENTES GALEGOS | II Epoca | N.º 217, 2 Febreiro 1986 - 5 Pesos

Coalición Popular en pleitos

Hai tempo que non se vivía en Galicia unha situación política coma a presente. Abondan sobradamente as tensións e os conflictos no partido maioritario de xeito que a Coalición Popular é nestes momentos un caixón de sorpresas na que todo pode suceder. En Lugo os seus militantes chegaron á agresión física. Na Coruña hai pleito, con abogados polo medio. En Pontevedra, denuncias públicas duns para outros...

¿Que está a pasar?. Non é cousa de meigallo nin de tortas intencións. Coidamos que a explicación está en que a coalición Popular non é un partido cuns obxectivos comúns, cun programa único, querido e aceptado por todos. Trátase máis ben dunha suma de poderes que viven xuntos sempre e cando entre eles non haxa discusión de autoridade. Estes poderes están hoxe a disputa-los dominios. En Lugo, a diputación contra a alcaldía; en Pontevedra, a diputación contra a dirección provincial do partido; en Ourense, a diputación contra certas alcaldías provinciais.

Pero D. Manuel párao todo. E cando non pode paralo (como lle pasou con Cacharro Pardo en Lugo), tápao. As viaxes son contínuas a Madrid para salda-los numerosos pleitos.

Esta situación recorda aqueles tempos dos señores feudais que vivían nos castelos.

(Segue a volta)

OTAN

Dez razóns para ser neutrais (Px. 5)

Tamen

O Templo de Xerusalén (II)
OTAN - Dez razóns para ser neutrais
E vai, e ven o "IVE"
Educación Sexual (III)
Fichas de Natureza. Para apostar pola vida
Cousas dos carballos é doutras árbores (1)

Mantiñan regueifas a cotío por mor do territorio. E era frecuente que ámbalas dúas partes acudisen ó Rei resolve-lo altercado.

En nada favorece a Galicia que a forza política maioritaria non sexa máis que unha suma de ambicións. Sen capacidade propia para dialoga-las diferencias sen necesidade de acudir ó maxistrado.

Que uns homes maduros, onte enfrentados ata o irracional, e con causas gravísimas, veñan ó acordo e ás apertas tras dun xantar coa autoridade en Madrid, é un espectáculo lamentable. Ou non había tais diferencias, senón antollos e ambicións, ou non hai seriedade nas opinións. Vendo isto, un acórdase dos nenos da escola correndo cara o mestre para que xulgue e dicetamine.

Nestas condicións non é extraño que ningún grupo político queira prestar apoio a Coalición Popular para elixir presidente da Xunta.

¿Quen se atrevería a tomar acordos cunha empresa ou familia na que cada quen decide pola súa conta, e na que nin o pai (señor Albor) ten autoridade para gobernar?.

A Coalición Popular non debería descargar en ninguén o que é problema seu. A pesares da confusión coidamos que para ben de todos estanse a aclarar moitas cousas que andaban facendo mal e ás agachadas.

A INDIA acolle nestes días a visita do Papa... Todo un mosaico de relixións e culturas, e sobre de todo, un país con moitas diferencias sociais, entre os parias e os aristócratas. A relixión, a miúdo, non fixo máis que axudar a manter unha situación de inxusticia neste estado. A relixión oficial é o hinduísmo, e a súa cidade santa Benarés. Hai que salientar tamén outras relixións na India: o budísmo ó norte, o Islam ó oeste e o Cristianismo ó sudoeste.

ISRAEL volta estar ligado máis estreitamente á historia de España... Houbo unha tempada na historia desta península, na que convivían: xudeus, musulmáns e cristiáns... Mesmo en Galicia hai restos de barrios xudeus nalgunha das nosas vilas. Xerusalén foi sempre cidade santa para as tres relixións. No ano 70 foi destruida polos romanos, e en 1948 xurdíu o moderno Estado de Israel, despois da dispersión deste pobo ó longo de moitos séculos. As liortas entre árabes e israelís é unha constante da nosa historia. A última película do realizador grego Costa Gavras, chamada Hanna K. é a superación desta loita a través dunha historia de amor entre palestinos e israelíes.

UNHA CONVERXENCIA DE ASOCIACIÓNS XUVENÍS ven de ser creada, coa meta de artellar un Consello da Mocidade, pois a especie que hai ata agora non é verdadeiramente representativo, e máis ben un apéndice de partidos políticos e de Apas (asociacións de pais) de colexios privados... Os mozos queren tamen coller máis forza nos concellos e na política en xeral.

A CANDELORIA (2 de febreiro) é unha das festas do lume e da luz, con máis raíces na tradición popular; é unha festa agraria das que non deberían perderse.

O CONSUMO DE GASOLINA medrou nos últimos meses en Galicia. O que quizáis non saiba o sofrido consumidor é que a Facenda quédase co sesenta e dous por cento do que costa cada litro... Así, no oitenta e catro, a Facenda ingresóu vinteseís mil trescentos once millóns de pts. pola gasolina que pagamos os galegos naquel ano.

LEMBRANZA ÁS VICTIMAS DO MAR que nestes meses encheron de luto moitos dos nosos portos... Esas "viuvas de vivos" como dicía Castelao que tamén viven a vida como unha traxedia cotidiá. Ademáis do mal tempo, non podemos esquece-las poucas medidas de seguridade coas que traballan moitos dos homes do mar.

ESCRITORES DE PORTUGAL E DO BRASIL é un libro de Fernández del Riego que ven de sacala Editorial Castro. Desde os románticos de finais de século ata hoxe, podemos ir coñecendo eses escritores irmáns que tanto cómpre coñecelos. Un bo agasallo para estes tempos.

Manolo Regal
Ramón D. Raña

BOA NOVA

Domingo 4.º do tempo ordinario

OS BURROS QUE SON LISTOS

Non teñas medo:
¿Por que se che encolle o ánimo
nada máis empezar?

Non teñas medo:
Cabo ti van máis compañeiros.
Coma ti hai moitos en Galicia
(Gracias a Deus).

Xesús é o primeiro
desa ringleira de cristiáns
que non se deixaron levar polo medo.

Non te asustes
se os teus non te acollen,
se os da casa che reñen
cada vez que te apuntas
a algún traballo comunitario.

Non te asustes tampouco
se os veciños falan de ti polo baixo,
se se cachondean de ti
vendo como sofres e loitas polos máis,
mentres eles quentan as cachas
ó pé dun lumiño mol.

Non te avergonces
se te chaman burro,
por leváre-la carga dos máis.
Estes burros son os únicos listos
que melloran as cousas da vida.

Non teñas medo a atoparte triste.
Levas no teu corazón
a fonte da máis grande ledicia.

Todo isto dicho o Xesús,
o teu amigo, o teu mestre,
que sabe moito de ledicias e loitas,
de cruces e glorias.

A Candeloria, ten forte tradición na nosa terra

XESÚS RECHAZADO NA SÚA PARROQUIA

Naquel tempo, estando Xesús comentando no lugar da reunión o texto do profeta Isaías que di: "O espírito do Señor está sobre min..., para proclama-la Boa Nova ós pobres", díxolles:

— Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

E todos se puxeron contra el, abraiados polas palabras de gracia que saían da súa boca. E dicían:

— ¿Pero non é este o fillo de Xosé?

El díxolles:

— Seguramente me recordaredes aquel refrán: Médico, cúrate a ti mesmo; todo canto oímos que fixeches en Cafarnaún, faino aquí na túa terra.

Pero continuou:

— Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. (...).

Oíndo estas cousas, tódolos que estaban na sinagoga enfurecéronse moito, e levantándose botárono fóra da vila, conducíndoo ata o cumio do monte sobre do que está edificada, coa intención de o precipitaren abaixo. Pero el, abríndose paso entre eles, marchouse.

(Lucas 4, 21-30)

UNHA LUZ

O vello Simeón describe a Xesús como "unha luz para alumear a tódolos povos". San Xoán e San Paulo están constantemente contrapoñendo luz-tebras, tebras-luz. Os cristiáns, ó crer en Xesús, pasamos ó reino da luz. No acto do recibi-lo bautismo déusenos unha vela acesa. Decíasenos con eso que somos fillos da luz e que debemos camiñar como tales. No medio da Noite Boa apareceu a gran luz, o nacemento de Xesús; no medio da noite, de Páscoa aparece ardendo o cirio pascoal, que representa a Cristo resucitado. O cristiáns temos a Cristo como a nosa luz.

A NOSA LUZ

A liturxia de hoxe pídenos que fagamos unha vez máis un acto de fe en Xesús Cristo como a nosa luz. E nel onde queremos percura-la luz que nos fai falla para darlle pleno sentido á vida, é nel onde queremos afondar para clarexar esas negruras en que ás veces andamos envoltos, é nel onde queremos senti-la calor precisa para que a vida xermole chea de esperanza.

O Templo de Xerusalén (II)

O lector, coa súa boa fe, tenos que perdoar que o situemos no número anterior de **IRIMIA:** quedábamos daquela coa primeira impresión recibida ó entrar no **Adro dos Paganos,** o bulir da xente, as fermosas columnas de mármore, o terrado de lousa e mosaico... Chamáranos fortemente a atención o **muro de separación** que prohibía ós non xudeus, baixo pena de morte, a entrada. Imposible entrar, pero nós ímonos colar.

ADRO DAS MULLERES

Unhas escaleiras dan antrada a un adro (65 m. de lado); é o lugar destinado ás mulleres. Elas non poden entrar onde os homes. Deben quedar máis atrás. Nas catro beiras hai un cadrado pequeno, coma uns reservados; asomámonos. No primeiro están persoas con longa barba: son os **"nazireos",** consagrados, que fixeron votos a Deus, en todo ese tempo nin raparon a cabeza nin probaron alcohol, veñen presentar o cumplimento do seu voto. No segundo están os leprosos curados, véñense presentar ó sacerdote para que certifique a curación e volvan entrar na sociedade (Lc. 5,14). ¿E nos outros dous recantos?, alí non hai sorpresa: nun hai viño e aceite, e noutro madeira: é preciso telos perto para as celebracións dos sacrificios.

Deixámo-las mulleres pregando; (tamén as que veñen connosco quedan alí entre curiosas e emperrechadas.

ADRO DOS HOMES E ADRO DOS SACERDOTES

Uns escalóns redondos, coroados por unha pesada porta, a **Porta de Nicanor** déixanos pasar ó **Adro dos Homes.** E un patio arredor dun estrado elevado, onde están a oficiar os sacerdotes. Alí soamente entran varóns a partires dos 12 anos.

Enriba do estrado vemos no centro un grande altar (de 14 m. de lado) rematado nos seus catro ángulos por uns cornos: é o **Altar dos Sacrificios.** Unha rampa permite eleva-los animais grandes (becerros, touros...); unha gavia soterrada leva o sangue e a auga deica os hortos da vagoada do Cedrón; sobre o altar arde o lume: é para queimalas víctimas no sacrificio chamado **"holocausto"** (do grego "holos" - todo, e "Kauoo" - queimar).

A dereita, cara ó norde, vemos 4 reas de 6 argolas: coidamos que é para ata-los animais; máis a dereita, sobre 8 esteas hai vigas de cedro que sosteñen os animais esfolados. A esquerda, cara ó sur, hai unha grande pia de auga e mesas de mármore para escachiza-las víctimas. Así expresa Israel a súa devoción a Deus: ofertándolle o mellor do seu gando, queimándoo para que suba



ata Deus parte da víctima, mollando o altar co sangue como expresión de vida...

O SANTO E O SANTO DOS SANTOS

Esta era a única parte do Templo cuberta: era a **morada de Deus,** por iso chamábanlle **"O SANTO"** e **"O SANTO DOS SANTOS"** (que quere dicir "moi santo", "santísimo"). A sua santidade expresábase pola altura do plano: 12 m. por enriba do Adro dos sacerdotes. O seu frente estaba recuberto de placas de ouro. Unha porta pechaba a entrada; por enriba da porta unha vide de ouro simbolizaba a Israel.

Dende alí entrábase ó **SANTO,** que era a ante cámara: dentro un **candieiro de sete brazos** (30 kg. de ouro nunha peza), unha **mesa** na que se colocaban doze bolas de pan recente, unha por cada tribu, e un **altar** de acacia recuberta de ouro, no que se queimaba incenso cada mañán e cada tarde.

Unha cortina dobre separaba a entrada ó **SANTO DOS SANTOS.** Alí estaba Deus, alí non podía entrar nin unha mirada nin unha luz; soamente entraba o Sumo sacerdote unha vez ó ano, pola festa da Expiación, para deixar sobre unha pedra núa un pouco de incenso fumeante, e entraba con unha cadeíña atada a un pé, para tirar del se lle ia mal, xa que ninguén máis podía entrar. Era o **SANTISIMO,** alí fixara Deus **o seu trono,** sinalado na **ARCA DA ALIANZA,** desaparecida dende a queima de Nabucodonosor cando destruira o primeiro Templo: era tan santa que ninguén se atrevía a reconstruíla dende entón.

OTAN
DEZ RAZÓNS PARA SER NEUTRAIS

Xa témo-lo referendun á porta: o próximo 6 de marzo, se Deus quere. Hoxe escomenza a campaña. Don Felipe e os seus, despois de dicirnos que "OTAN, de entrada NON", desde que entraron -no Goberno, claro- agora dinnos que val máis seguir na OTAN, pois seique así somos máis "europeus". D. Manolo "o dos tirantes", que xa se sabe como pensa sobre este tema, di que se vai abster. E IRIMIA, e esperemos que a maioría do pobo, dicimos que **NON.** *A continuación expoñemos 10 razóns para ser* **neutrais,** *da Coordinadora Estatal de Organizacións Pacifistas. O longo do mes seguiremos falando da OTAN, que é, que siñifica,...*

1.- Permanecer na OTAN fai medra-lo perigo de guerra, porque reforza o dominio e a agresividade mutua dos bloques militares no mundo, mantén o rearme e favorece a política de guerra da administración Reagan. A **Neutralidade** contribúe a rebaixa-lo perigo de guerra, favorece a paz e axuda ós pobos, víctimas de agresións exteriores. O Estado Español podería solidarizarse máis e mellor sendo neutral con Nicaragua e demáis paises que queren a súa autodeterminación.

2.- Permanecer na O.T.A.N. comportará a instalación de armas nucleares. O territorio español ten interés para o alto mando da O.T.A.N. como "cabeza de ponte" para unha acción contra o Norde de Africa e Oriente Medio, e xa que logo tamén como polvorín nuclear de retaguarda. De feito hai expertos norteamericanos que teñen declarado que o seu pais está incluindo o territorio español na súa planificación antinuclear.

3.- A O.T.A.N. non é Europa senón a división de Europa. E a parte de Europa dividida e nuclearizada baixo o poder norteamericano. Fortalece-la Alianza Atlántica e abrir máis aínda a fendedura, e reforza-lo dominio dunha superpotencia -por certo non europea- sobre un dos lados. A neutralidade activa amplía o grupo de paises europeos non alineados e favorece a liberación do continente de armas nucleares.

4.- A O.T.A.N. non é o mundo libre, máis ben fai cada día menos libre a parte do mundo que domina. De xeito semellante ó seu bloque antagonista a Alianza Atlántica impón a súa vontade ós gobernos, parlamentos e ministerios dos seus paises membros.

5.- Nin O.T.A.N. = Europa. Nin Europa = Mercado Común. Nin Mercado Común = Alianza Atlántica.

Non nos deixamos amolar co conto de que entrar na C.E.E. obriga a entrar na O.T.A.N. Máis ben debemos escoller por separado ámbalas cousas, pero non nos deixan.

6.- Ser da O.T.A.N. crea enemigos, pecha a posibilidade de relación amistosa con moitas nacións, facéndonos dependentes dunha superpotencia. A neutralidade activa, pola contra, crea amigos, permite a independencia, a arbitraxe constructiva en conflictos que teñan outras nacións,...

7.- Permanecer na O.T.A.N. xa está supoñendo un xigantesco aumento dos gastos militares, mentres se recortan as pensións e aumenta o paro "imparablemente", só as inversións de carácter militar (o 33,7% do presuposto de defensa) poden representar entre 1983-1990 3,2 billóns de ptas (constantes 1985).

8.- Permanecer na O.T.A.N. está supoñendo xa un gran pulo para a industria do armamento que militariza a economía, xenera poderosísimos grupos de presión e é a causa de inmoral exportación de armas a zonas de conflicto bélico ou mesmo a dictaduras sanguiñentas.

9.- Permanecer na O.T.A.N. aumentará a militarización xa existente na península ibérica, abríndose novas bases militares (en Galicia algunha de grande importancia como a da península do Barbanza), a realización de maniobras conxuntas e a utilización de soldados en operacións exteriores.

10.- Son os gobernantes, neste caso o goberno de Felipe, os que deben cumplir a vontade do pobo e non o pobo conformar a súa á dos seus gobernantes.

CORDENADORA ESTATAL DE ORGANIZACIÓNS PACIFISTAS

E vai, e ven o "IVE"

Estrenada a nosa cidadanía europea, entrou en vigor un novo imposto coñecido como IVE. Ata final de ano non entraron as presas. A uns por mercar e a outros por vender. A falla de información ou a abundancia excesiva da mesma deixounos un pouco desmortados e fixo recaer sobre o consumidor final a mala aplicación do imposto.

Neste e máis no seguinte artículo trataremos de analisar este terrible tributo.

¿Pero, que e o IVE?

As súas siglas significan **Imposto sobre o Valor Engadido,** e é un gravámen que se aplica ás ventas, ós servicios profesionais, ás importacións e ó autoconsumo. Pero sobre todo ó que grava a fin de contas é ó consumidor.

A súa implantación estaba prevista para 1985, pero, debido a cambios do ministerio de Economía e Facenda, demorouse ata o 1-1-1986.

O principal motivo para implantar este tributo é que era unha das condicións para poder entrar no Mercado Común.

Actualmente estase aplicando en 10 países da CEE (Portugal e Grecia teñen un período transitorio de espera), e en 22 países do resto do mundo, maiormente de América Latina.

Coa súa entrada en vigor quedarán englobados e polo tanto desaparecerán 24 antiguos impostos, entre eles o famoso ITE.

¿Como funciona o IVE?

Como exemplo, e omitindo moitos supostos, imos imaxinar que un fabricante de mobles merca madeira a un labrego para fabricar unha silla. Supoñamos que o valor da madeira é de 300 pts.

Fase do proceso	Imposto	V. Engadido	Precio	C. a Ingresar
— Agricultor	4%	—	304	—
— Fabricante	12% + 3%	1.000	1.304	195,60 pts.
— Consumidor	—	500	2.000	—

Supoñendo que o fabricante sexa tamén distribuidor, cargará o 12% por IVE e o 3% polo recargo de equivalencia ó comercio. Como se ve, o consumidor final é o que paga tódolos impostos, intervindo os demáis como recaudadores (1.304 + 195,60 + 500 - 2.000).

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

¿Que tipos de IVE se van aplicar?

Dependerá do ben que se adquira; así o recibo da luz verase cargado co 12%, que é o tipo ORDINARIO. Unha factura dun restaurante gravarase co 6%, que é o tipo REDUCIDO a merca dun coche para uso propio terá un 33% e é o tipo INCREMENTADO.

¿Que reximes van existir?

Aplicaremos dous tipos principais: o ORDINARIO e OS RÉXIMES ESPECIAIS.

O tipo ordinario será aplicable a empresarios ou profesionais con ingresos superiores a 50 millóns de pts. o ano 85.

Neste caso, ademáis de leva-la contabilidade oficial, terán tres libros do IVE (de facturas recibidas, facturas emitidas e rexistro de inversións).

Para calcula-lo IVE a ingresar ou a cantidade a devolver, atoparán a diferencia entre o imposto pagado ós seus proveedores e o cargado ós seus clientes; se esta resta é positiva deben ingresar en Facenda o importe.

Os **Réximes especiais** son cinco:

1.- Réxime simplificado

As cuotas a ingresar calcularanse cuns índices que anualmente publicará Facenda. A el pódense acoller productores con ingresos menores de 50 millóns ó ano.

2.- Réxime especial para a agricultura, gandeiría e pesca.

Ingresos igual que no caso anterior. Básicamente cargarán un 4% ás súas ventas en concepto de tasa de compensación polos IVES que teñan que pagar en insumos (cousas que mercan para o consumo seu e da explotación).

3.- Réxime especial do comercio minorista

O máis afectado polo IVE é o consumidor final, especialmente o de ingresos máis modestos

Pódense dar dous tipos:

a) Comercios que vendan productos que teñan diferente tipo de IVE (6 - 12 - 33).

b) Réxime especial do Recargo de Equivalencia. E obligatorio para minoristas, agás aqueles que teñan productos co 33% (peles, xoias, etc.).

Neste réxime non están obligados a levar libros de rexistro nin a extender facturas (a non ser que o que merca sexa un empresario).

Os proveedores cargaranlle o IVE, máis unha porcentaxe do 1 ó 3% segundo sexa o artículo gravado co 6 ou co 1% respectivamente.

Os dous réximes restantes son o de Axencias de Viaxe e os Bens usados, obxetos de arte, etc.

¿Que ventaxas pode supo-la aplicación do IVE?

Para o consumidor ningunha, xa que pagará por todo o que merque.

Coa súa aplicación reverá o fraude fiscal, pola esixencia de obter facturas de proveedores para desgravar.

Simplifica as declaracións ó desaparecer ou englobar a 24 impostos.

E máis doado calcula-lo gravame en cada fase do proceso de fabricación, cousa que non pasaba co ITE.

Estimula a inversión por non interrumpi-lo proceso financieiro.

¿Que desventaxas pode ter?

As pequenas empresas verán complicada a súa xestión; as grandes, que teñan mecanizada a súa contabilidade, terán que cambiar programas, etc., pero unha vez adaptados, seralle máis doado ca antes.

Estímase que os suxetos pasivos chegarán ós 2 millóns, dos que millón e medio estarán en réximes especiais e deles 500.000 serán minoristas. Esto supoñerá un incremento de persoal nas Delegacións de Facenda.

Como xa dixemos, o máis afectado é o consumidor final, e dentro deste as familias con ingresos máis modestos soportarán moito máis en comparanza coas rentas máis grandes, xa que todo ou gran parte dos seus salarios hanos destinar ó consumo, e como os productos alimenticios están todos gravados, dedúcese que pagarán máis impostos.

Fernando Coduras Orera

Educación Sexual (III)

Os sentimentos de amistade entre filla-pai ou fillo-nai teñen moito que ver en que o neno chegue a disfrutar ou non do sexo oposto. Pedro nunca casóu; fillo dunha nai dominadora tiña un concepto equivocado de tódalas mulleres. María tampouco; o disgusto que tiña co seu pai, aplicóullelo a tódolos homes.

Unhas relacións abertas e cariñosas entre pais e fillos son indispensables para chegar a vivir satisfactoriamente a relación sexual.

Sexo e disciplina

O neno que ten uns pais autoritarios pode reaccionar sexualmente de dúas formas; aceptar ser dominado e utilizado por outro ou ben convertirse nun dominador dos demáis; buscando no sexo non un placer recíproco senón a propia e exclusiva satisfacción.

O rapaz que está consentido de máis tamén sofrirá deformacións. Veñen sendo aqueles tipos de homes ou mulleres que "aman e deixan". Non pensan máis que nas propias necesidades desentendéndose do ben ou mal que lle poida facer á outra parte.

Una disciplina que non sexa nin autoritaria nin de "deixar facer" é a única que pode ensina-lo que é o respecto mutuo e a búsqueda dunha satisfacción equilibrada.

O sexo e o que cada un pensa de si mesmo

A imaxe que cadaquén ten de si mesmo inflúe na conducta sexual. Lois sentíase home de pouco valer. O seu aquel de consquistador non era máis que o esforzo por demostrar diante dos outros a súa virilidade. Leva-la rapaza á cama facía subir puntos o seu aparentar de home. Sabela era bonita e sensata pero cría non ter moito que ofrecer ós demáis. Para facerse valer o que utilizaba era o seu corpo.

Ter un mal concepto de sí mesmo leva a este tipo de erros. Quen se sabe a si mesmo digno de respecto (con acertos e equivocacións), non caerá nunca na tentación de facerse salientar utilizando ou deixándose utilizar por outros. Con frecuencia, a xente que usa do sexo indiscriminadamente é para facer frente a outros problemas da súa persoalidade. A súa vida sexual rara vez lles leva a atopar unha satisfacción agradable e continuada.

Alimentar nos nenos a estima de sí mesmos, facerlles sabe-los valores e capacidades que teñen, non despreciala nin quitarlles mérito... todo isto é fundamental para unha axeitada educación sexual.

O que deben sabe-los nenos

Cómpre presentárlle-los feitos claramente cando eles fagan as preguntas. Antes de chegar á adolescencia deben saber perfectamente que é a reproducción e que parte teñen nela o home e a muller: como se fan os nenos, como medran no embarazo e como nacen. Saberán das mestruacións e das polucións. Para que serve o sexo, como vivilo satisfactoriamente.

O nivel destes coñecementos virá marcado pola curiosidade do rapaz. Hai nenos con dez anos poden ter maior curiosidade que outros con trece. Esa curiosidade debe ser atendida.

Como llo podemos facer saber

O ideal é que os rapaces aprendan estes feitos da boca dos seus pais. Non é disculpa aquelo de "eu non sei facelo" "póñome nervioso", "non sei como chamarlle ás cousas". Se sucedese algo desto o mellor é falarlle ó cativo sen andar con miramentos. Por exemplo, podemos dicir: "gustaríame respostar ás túas preguntas pero póñome algo violento; cando eu era pequeno non nos falaban destas cousas e funnas aprendendo por ahí adiante. Heiche contestar tal e como eu sei. Senón quedas claro de todo xa buscaremos algún libro ou algún amigo que nos bote unha mán". Deste xeito sentirémonos menos incómodos e os nenos gañarán en confianza e en entendemento. Non hai que ter medo de chamarlle "pirola", "carallo" ou "cona" ó que nos libros se lle chama "pene" e "vulva". O caso é que o neno nos entenda e que a conversa se faga con toda normalidade posible, creando un ambiente de confianza.

(Adaptación do libro: "El niño feliz". Dorothy Corkille)

FICHAS DE NATUREZA - Para apostar pola vida

Despois de máis de 3.000 anos de "civilización", o home ainda non aprendeu a convivir, nin cos seus semellantes, nin co mundo que o rodea. A violencia continua segando a diario vidas humanas da maneira máis absurda e inútil; e destruindo a vida do noso planeta tamén da maneira máis absurda e inútil. Algúns din que é o precio do "progreso", a nos parécenos que e a consecuencia da estupidez humana, da sua vontade destructiva, e do espírito depredador dos opresores de sempre.

Afortunadamente a vida segue agromando e é mais poderosa que a morte. Froito desa vida son os movementos **pacifistas** e **ecoloxistas** que van xermolando por todas partes, testemuñando que a vida é mais forte que a morte.

En IRIMIA apostamos desde sempre pola vida: a vida dos pobres (xusticia e amor), a vida de tódolos homes (pacifismo), a vida da nosa Terra (galeguismo), a vida que regala Deus (cristianismo) e a vida da Natureza (ecoloxismo). Por esto último ofrecemos agora unha nova sección que sairá cada semana. Unha sección diferente, pois virá presentada como fichas que se poden recortar da revista e gardar para coleccionalas. Unhas fichas que traguemos aquí non por pura curiosidade, senón como unha **aposta pola vida.** Queremos que se coñeza a nosa flora e fauna galegas para que se respete e se ame.

Un **slogan** para estas fichas poderia ser: **Salva a vida dun animal ou dunha planta e non só a natureza che quedará agradecida, senon que a tua vida recobrará un senso novo.** Aprende a vivir, coñece a vida, respeta a vida, ama a vida. Neste senso, invitamos ós lectores a dar máis importancia á vida que nace espontáneamente, a esas floreciñas que medran sen que ninguén as plante nin coide delas, que as plantas cultivadas.

E esta unha sección que vai dirixida dun xeito especial á escola, cecais un ámbito no que ata agora IRIMIA non era moi coñecida; esperamos que os nenos e os mozos acollana con agarimo, e os mestres espallena con entusiasmo; desde agora agardamos as vosas suxerencias e preguntas. Pero ben seguro que non serán so eles quen acollan con agarimo esta iniciativa, todos poderemos aprender moitas cousas que non sabemos.

Un pobo culto e desenrolado mantén e potencia a súa flora e a súa fauna, pois é a sua vida; mesmo no senso económico. Que estas fichas axuden a unha **mellor relación entre nós coa nosa flora e a nosa fauna.** E só recordar ós rapaces que a mellor **aula de Natureza** é o campo.

Victorino Pérez

Fan estas fichas:

— **Pablo Rodriguez ("Oitabén"),** director da actividade "Aula verde". Antigo colaborador da desaparecida revista infantil galega **Vagalume.** Ten acadado diversos premios pola sua activida ecoloxista e na defensa da nosa fauna.

— **Matilde Vázquez Iglesias,** bióloga e directora do Seminario de Ciencias Naturais. Desde hai uns anos ven traballando na recuperación das plantas medicinais.

— **Primitivo Iglesias,** antigo colaborador da nosa revista, director do Seminario de Lingua e Literatura Galegas. Coordena o presente traballo e redacta as fichas.

Os tres son profesores titulares da Universidade Laboral de Ourense.

Pódense dirixir as consultas e suxerencias a:

Seminario de Ciencias Naturais. Universidade Laboral. Ourense.

FICHAS DE NATUREZA - *As aves de rapiña noiteiras*

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias

CONSULTAS: Universidade Laboral. Ourense

1.- Características Xerais

A orde das **Strigiformes,** na que se encasiñan as aves noiteiras de rapiña, comprende dúas familias: A **Tytonidae,** representada por unha soa especie **(a curuxa común)** e a **Strigidae,** por seis: **bufo, mou, curuxa das xunqueiras, moucho común, moucho das orellas** e **avelaiona.**

Teñen nos ollos gran abundancia de células cilíndricas (bastóns), así coma unha sustancia chamada "purpúrea visual", o que lles facilita enormemente a visión de noite. Sen embargo teñen moi poucas células que capten as difrentes cores, (conos) o que supón que miren en tonos grises, pero cunha extraordinaria nitidez.

O seu voo é totalmente silencioso.

Aliméntanse principalmente de roedores (ratos, toupas, leiróns), o que as fai grandes aliadas do home.

Están protexidas pola lei.

2.- Clasificación das aves de rapiña noiteiras

CLASE.- Aves
ORDE.- Strigiformes
FAMILIA TYTONIDAE.- Curuxa común (Tyto alba)

FAMILIA STRIGIDAE:

En galego	En castelán	Nome científico
Bufo	Búho real	(Bubo bubo)
Mou	Búho chico	(Asio otus)
Curuxa das xunqueiras	Lechuza campestre	(Asio Flammeus)
Moucho común	Mochuelo común	(Athene noctua)
Moucho das orellas	Autillo	(Otus scops)
Avelaiona	Cárabo	(Strix aluco)

SILUETA DUNHA RAPIÑA NOITEIRA VOANDO

buzón



Enviade as vosas cartas a:

Victorino Pérez
LAGOA - Abadín (Lugo)

Atención todolos labregos que teñan explotacións en réxime de arrendamento.

Estase a detectar que basándose na Lei de Arrendamentos Rústicos actual que favorece totalmente aos propietarios en contra dos caseiros, aqueles empezan a utilizala para votar aos labregos das terras. Para evitar esto hai que facerse con elas antes de 1987 data na que rematan os plazos para o posibel acceso á propiedade para os que teñan arrendamentos concertados con anterioridade á Lei 15 de Marzo de 1935. Para elo terán que requerir ao propietario e pagarlle ao contado e en metálico o precio da propiedade arrendada conforme ás normas de valoración que establece a lexislación de expropiación forzosa.

En caso de que o propietario se faga coas terra e queira vendelas a terceiros, os arrendatarios terán un plazo de 60 días dende a notificación da venta ou a partir do coñecemento dela por calquer outro medio, para exercer o direito ao retracto, é dicer, para ter preferencia na compra das terras que levaban.

Para calquer dúbida acudide ás CC.LL. ou a calquer organismo, institución ou personas que vos poidan informar. Pero facelo xá, que non vos colla de improviso como lles sucedeu aos das Enchousas.

Comisión de Información
das Comisións Labregas

Queridos amigos: Os escribimos esta carta con el deseo sincero de que nuestra revista vaya a más cada día. La hemos venido cogiendo normalmente todas las semanas, pero nos viene bastante mal el pasar a recogerla por lo cual hemos decidido hacer la suscripción a nuestra casa.

Como en el boletín que aparece en la revista dice que se puede hacer ata nova orde, nosotros la queremos hacer así aunque pagaremos cada año. Por ello os hacemos la transferencia a la Caja de Ahorros por el importe de 2.000 pts.

Antonio Paz - Ferrol

3.- As aves de rapiña noiteiras

FAMILIA TYTONIDAE

RAPIÑA NOITEIRA EN POSICIÓN DE CAZA.

FAMILIA STRIGIDAE



Cousas dos carballos é doutras árbores (1)

Unha vez, aló polo ano mil novecentos sesenta e sete ou comenzos do sesenta e oito, tiven a regalía de escoitarlle unha conferencia a D. Alvaro Cunqueiro no clube do diario "Pueblo" de Madrid. Para min, que xa levaba uns meses en Madrid e comenzaba a experimenta-los efectos da saudade, asistir a aquela conferencia foi algo que por sorte non podo esquencer. Poder ler a Cunqueiro é unha festa, pero poder escoitalo era algo máis ca engaiolante.

Comenzou dicindo con aquel seu falar repousado tan propio del: "Señoras e señores. Yo soy de un país de creedores en encantos e meigas e trasnos e tesouros escondidos. Perdonen, olvidaba que aquí hay muchos que no hablan mi lengua y quizás no me comprendiesen. Se lo diré de otra forma: Soy de un país de creedores en encantos e meigas e trasnos e tesouros escondidos".

Poida que fose unha reacción moi infantil e inmadura a miña, pero a min producíume un fondo pracer aquela especie de mofa dos non galegos repetíndolles o mesmo nas mesmas palabras. Se cadra o que eu sentía era revanchismo e iso igual non está ben.

Falou de moitas cousas aquel día o D. Alvaro anque o tema central era a importancia de sabelo nome das cousas. Dicía el que cando sabemos os nomes das cousas e das persoas exercemos sobre elas certo poder e certa atracción, por iso os israelitas non ousaban pronuncia-lo nome de Deus por respeto; e tamen por iso, os granxeiros de galiñas galegos non chaman ó zorro polo seu nome, non vaia ser que ó chamalo o atraian, e así, chámanlle: o golpe, o outro, ou Alfonso como se chamaron moitos reis de Castela.

O que agora non lembro moi ben é como empalmou con todo esto aquelo que dixo dos carballos, do seu señorío espiritual, da súa nobreza e da súa veracidade; porque afirmou e probou con testemuñas de moita solvencia que os carballos son as árbores máis veraces de toda a creación. Polo visto, os carballos nunca minten.

Unha das probas irrefutables que apartou o bon do D. Alvaro foi o caso de aquel rei de Irlanda que ía facendo matar un tras doutro a tódolos barbeiros de Irlanda desde que lle cortaban o pelo unha sóa vez. Cando xa non quedaba máis ca un pequeno aprendiz de barbeiro, e foi chamado ó pazo real para cortarlle o pelo ó rei, foi tamén tras del súa nai chorando os sete chorares

e, axionllándose diante do rei, imploroulle que, polas animiñas dos seus difuntiños e por quen máis quixese neste mundo, tivese piedade e perdoase a vida a aquel único fillo das súas entrañas. O tirano cedeu ante os laios da desconsolada nai; pero esixíu, iso sí, que o rapaz xurase gardar toda a vida o segredo que descubrise ó cortarlle o pelo.

Así o fixo aquel neno infeliz. Xurou, e xurou de corazón, pero non foi home de cumprir o seu xuramento. ¡Meu pobre, non era máis ca un neniño! Foi desfogarse co carballo máis vello das chousas que rodeaban o pazo real.

Andando o tempo, pincharon aquel carballo para facerlle unha arpa ó rei, -que non é o primeiro tirano ó que lle dá pola música-, e a primeira tonada que saíu daquela arpa foi: "O rei de Irlanda tén orellas de burro". Ese fora o segredo que os barbeiros descubrían e que aquel neno aprendiz fora contarlle ó carballo e, como este sempre conta verdade, non puido calar tan presto tivo oportunidade de expresarse.

Con todo, o rei nunca chegou a saber de onde lle viñera a información á súa arpa e, gracias a iso, o aprendiz puido chegar a vello e o rei tivo quen lle trasquilase os cabelos antes de que lle chegasen ós calcaños.

X.M. Carballo

Xosé Chao Rego

Nin caibo nin collo

CONSULTORIO
Rúa do Vilar, 37-39, 2º
SANTIAGO

"Bótate a un lado, que se ti **cabes** eu non **caibo** ou ¿tes medo por se che **collo** o sitio?.

Velaquí unha frase que non se adoita escoitar, por dous motivos. O segundo é porque a forma **caibo** resúltalle extraña a moita xente. O primeiro porque, tanto en galego coma en castelán, a xente fai un cruce entre o significado de **coller** -que significa agarrar, ocupar, etc- e **caber.** A frase: "neste sitio non collemos todos", é incorrecta. Sería: "non cabemos".

"Aínda que agora non **caiba** xa falar da túa sorte, **cóuboche** a fortuna de che tocaren as quinielas".

Velaí un verbo irregular: **caber.** ¿Por que se di **eu caibo** e, en troques, xa é **ti cabes?.** A razón é clara: en latín é "capio" para a primeira persoa. Entón suceden dúas cousas: 1) o P é unha consoante xorda, que se fai sonora ó pasar ó galego, trocando en B ("cabio"); 2) ademais, ó se dar unha metátese ou brinco de sílabas, o I pasa antes do B (caibo). Coma no subxuntivo ("capiam" - caiba, caibas, caiba...). Pero na segunda persoa, **-ti cabes-** (do latín "capis"), non hai metátese, aínda que haxa cambio do P en B e do I en E.

"¿Capito?", din os italianos. ¿Entendido?

II Asamblea de Cristiáns Galegos

Os días 18 e 19 tivemos a II Asamblea de Cristiáns Galegos, xuntámonos os diversos colectivos que andamos por Galicia adiante percurando unha nova Igrexa máis galega e evanxélica.

O encontro foi ledo e rico. Saiu como compromixo, ademáis de afondar a coordinación, levar adiante conxuntamente unhas accións pola paz e contra a OTAN neste mes de Febreiro. E apoiar o espallamento de IRIMIA.

Xa falaremos máis ampliamente no próximo número.

CANTAR DO IRIMEGO

Nesta costa de xaneiro
está a xente que non vive
non sabendo ben o que é
a imposición do IVE.
Significa que é o VALOR
do IMPORTE ENGADIDO;
engadir, engaden ben,
pro deixan ó pobo espido.
Disque non é nada malo
porque todo can e gato
sabe que outros impostos
se resumen: vintecatro.
Non sei se é tan malo o IVE,
pero resulta pecado
que o Goberno teña ó pobo
no asunto pouco informado.
E así, nos primeiros tempos
está habendo ben abusos
que aproveitan os máis pillos
pra enganaren ós ilusos.
Consolémonos, se cadra,
porque xa somos do Norte,
inda que pra ser Europa
custe tanto o pasaporte.

EDITA: Empresa Periodística A. IRIMIA
DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, Lagoa-Abadín (Lugo)
MESA DE REDACCION: Daniel López Muñoz, Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña
RESPONSABLES E COLABORADORES: Xosé A. Miguelez, Ramón Raña, Xosé Manuel Carballo, Xosé Chao e Grupo de Santiago, Paulino Pérez-Mendaña, Vanguardia Obreira, Colectivo "A Rella" MECG, XOC, Esmorga
DISTRIBUE: Mosteiro do Císter, Sobrado dos Monxes (Coruña)
SECRETARIA E ADMINISTRACION: Apdo. 5, Vilalba (Lugo). Tlfn. 982 - 528080
CONTA na Caixa de Aforros de Galicia, Vilalba, n. 04950/0. DEPOSITO LEGAL C-1417-81
A imprenta non se fai responsable dos erros cometidos nos artículos
Impreso en GRAFICAS BAO.- Clérigos, 25 LUGO